

A Gioconda



Observando esta mítica pintura, o alumnado terá que descubrir elementos históricos, xeográficos, culturais e científicos da época, crear elementos explicativos do que van acadando, replicar o cadro con diferentes achegamentos artísticos e facer unha exposición con ligazóns virtuais

Neste capítulo intentamos que o alumnado investigue e descubra información sobre as técnicas pictóricas e as posibilidades dixitais para a expresión a través da pintura.

Tamén propoñemos que se cuestionen o porque da existencia das distintas expresións plásticas e que vexan máis alá da simple observación da imaxe.

Interésanos moito que valoren as posibilidades da comunicación a través da arte pictórica e para iso profundizamos no Visual Thinking, opción que pensamos pode axudarlles na organización do pensamento e das ideas.

Como proxecto final farán unha obra e exporán os seus produtos ligándoos a códigos QR. Estes códigos serán os que suban despois á aula virtual a través dunha base de datos que xa está creada e configurada para a subida dos arquivos de imaxe. So quedaría fixar datas de apertura e peche e o tipo de cualificación que o profesor/a decida



Proposta de estándares a traballar

INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.

INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.

INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.

INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.

INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.

INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.

INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.

INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.

INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.

INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.

INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.

INEINB2.9.1. Emprega Galipedia, etc. as creacións colectivas en i n t e r n e t :
Wikipedia,

INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.

INEINB3.3.1. Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.

INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.

INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.

INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.

INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.

INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.

INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

